

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBEIRA

Convocatoria proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha profesor/a de música (especialidade de violoncello)

Bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha profesor/a de música (especialidade de violoncello) para o Conservatorio Profesional de Música do Concello de Riveira.

Anuncio: Convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha profesor/a de música (especialidade de violoncello) para o Conservatorio Profesional de Música do Concello de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 28 de outubro de 2010, acordou aproba-las bases que a continuación se transcriben para a cobertura temporal como persoal laboral dun/dunha profesor/a de música (especialidade de violoncello) para o Conservatorio Profesional de Música do Concello de Riveira.

Tal e como se indica na Base Cuarta, as solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo farase mediante instancia que se presentará durante o prazo de dez (10) días naturais, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

O modelo oficial das instancias estará a disposición de todos os interesados, ademais de nas oficinas municipais, no sitio web oficial do concello (www.riveira.es).

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/UNHA PROFESOR/A DE MÚSICA (ESPECIALIDADE DE VIOLONCELLO) PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE RIVEIRA.

1^a.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso-oposición, dunha praza correspondente á categoría que se indica a seguir, incluída na relación de postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 22/12/2009 (BOP nº 274 do 31 de decembro de 2009, corrección de erros aprobada polo Pleno en sesión de data 22/02/2010), reservada ao persoal laboral, e mentres non se procede á súa cobertura con carácter definitivo, todo elo de conformidade co disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposición legais vixentes en materia de réxime local; o Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia, o Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e demais disposicións de pertinente aplicación.

Código	Categoría	Grupo	Nivel	Denominación	Departamento
12.01.00.11	Según Convenio	II	18	Profesor de Música Especialidade de Violoncello	Educación e Biblioteca, Unidade de Música

2^a.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase baixo a modalidade de duración determinada de interinidad por vacante, a media xornada (20 horas semanais), que se prestará segundo as necesidades do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionando a xornada se fora preciso.

A duración do contrato rematará no momento en que se cubra a praza con carácter definitivo, logo da celebración do correspondiente proceso selectivo convocado ó efecto.

Percibirase unha retribución total de 851,05 euros brutos mensuais. Na retribución mensual están incluídos tódolos conceptos retributivos correspondentes ó posto de traballo (salario base e complementos), excepto as correspondentes ás pagas extra dos meses de xuño e decembro e resulta da aplicación do Orzamento Municipal aprobado para o exercicio 2010 e das adecuacións retributivas derivadas de normas de carácter xeral.

As funcións propias da praza obxecto desta convocatoria son: impartir docencia dentro da súa especialidade musical; colaborar no deseño e implementación de actividades de divulgación e fomento musical; prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requerimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacidade profesional; calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra (como impartir clases daquelas outras materias comúns que sexa necesario de entre as que se imparten no Conservatorio, ata completa-la súa xornada laboral).

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir los siguientes requisitos:

• Ter la nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españoles e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estén separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estén separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os extraxeiros con residencia legal en España.

• Ter cumplidos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

• Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) dalgún dos Títulos Oficiais da especialidade musical á que se opta, ou titulación equivalente ou que o englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente, dos seguintes:

c.1) Título Superior de música establecido no artigo 54 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

c.2) Título de Profesor de música que regula o Decreto 2.618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral dos Conservatorios de Música.

c.3) Título de Profesor ou Título Profesional de música do Plan de Estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presenta-las instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

• Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estos efectos, establecécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

• Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

• Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumplir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta convocatoria.

Os aspirantes con alguma capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da minusvalía. Así mesmo, terán que solicita-las posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

As ditas solicitudes presentaranse no citado Rexistro Xeral (os días laborais de 9 a 13'30 horas) durante o prazo de 10 días naturais, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén poderanse presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (Fax do Concello de Riveira: 981 871610).

En cumprimento do artigo 28 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Riveira a convocatoria tamén se anunciará nun xornal de tirada provincial. Así mesmo se procederá á súa publicación no Taboleiro de Edictos e na páxina web municipal.

Á instancia unirse:

a) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidad de 18,70 euros en concepto de matrícula. O dito importe poderase facer efectivo ben directamente nas Arcas Municipais ou ben mediante xiro postal ou

telegráfico, así como mediante ingreso na seguinte conta municipal (cos datos persoais do aspirante e praza á que opta), número de conta de BBVA: 0182-5820-13-0000002454, e será devolto unicamente no caso de que o aspirante non sexa admitido ó proceso selectivo por falta dos requisitos esixidos para participar no mesmo ou por presenta-la solicitude fóra de prazo. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

- b) Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- c) Copia compulsada da titulación académica esixida na letra c) da Base 3^a para participar na convocatoria.
- d) Unha relación dos méritos que aleguen para a súa valoración na fase do concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de remata-lo prazo de presentación das instancias.

A xustificación da experiencia profesional realizarase mediante Informe de Vida Laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (que se acompañará necesariamente cunha certificación da empresa na que conste o posto de traballo desempeñado, copia do contrato,...), Certificado de Empresa en modelo oficial do Instituto Nacional de Emprego, ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de forma fidedigna o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgúnha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De se-lo caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuge e, de se-lo caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5^a.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía dictará resolución no prazo máximo de un mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es).

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de cinco días naturais contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comienzo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es).

A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 9^a.

6^a.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do estatuto básico da función pública e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituido por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá poseer un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenencia ó mesmo será sempre a título individual non pudiendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningúen.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sin que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O Tribunal cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vocais: Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.

Secretario: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra alguma das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concurrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7º.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

O proceso de selección farase en dúas fases: concurso e oposición.

1) A primeira fase (CONCURSO) será previa á de oposición, e non terá carácter eliminatorio nin se terá en conta para supera-los exercicios previstos para a segunda fase, e nela valoraranse os méritos alegados polos aspirantes no momento de presenta-las súas instancias para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

a) Experiencia profesional: Por cada mes de servizos efectivos prestados en igual ou similar posto de traballo e especialidade musical:

- Como Profesor de Conservatorio oficial recoñecido	0,100 puntos
- Como Profesor noutrous Centros legalmente recoñecidos	0,025 puntos

Neste apartado non se computarán os tempos de servizo que se prestaran simultaneamente a outros tamén alegados e xa valorados, sexan na mesma ou en distinta Administración ou empresa.

b) Titulacións musicais:

De Grao Superior de calquera especialidade, incluso da praza á que se aspira (cada unha)	2,000 puntos
De Grao Medio doutra especialidade distinta da praza á que se aspira (cada unha)	1,000 punto

As puntuacións deste apartado non son acumulables, de tal xeito que a valoración dunha titulación superior anula a inferior de cada especialidade.

c) Titulacións académicas, sempre e cando teñan relación directa coas funcións docentes:

- Licenciatura Universitaria	1,000 punto
- Diplomatura Universitaria	0,500 puntos

A valoración dunha titulación superior anula a da/s inferior/es que sexan necesarias para a obtención daquela.

d) Pola participación como relator en cursos, seminarios, xornadas, etc., de formación e capacitación profesional, relacionados coas tarefas e funcións propias da praza á que se aspira, impartidos ou homologados por organismos públicos ou institucións competentes: 0,020 puntos por cada hora acreditada de clase ou conferencia impartida.

Se a documentación achegada non sinala claramente a duración da clase ou conferencia, outorgarase a puntuación mínima por este concepto.

e) Pola participación como alumno en cursos, seminarios, xornadas, etc., de formación e capacitación profesional, relacionados coas tarefas e funcións propias da praza á que se aspira, impartidos ou homologados por organismos públicos ou institucións competentes:

- Como alumno activo: 0,010 puntos por cada hora acreditada do curso.
- Como alumno oínte: 0,005 puntos por cada hora acreditada do curso.

Se a documentación achegada non sinala claramente as horas de duración do curso, outorgarase a puntuación mínima por este concepto.

Naqueles casos en que o considere oportuno, o Tribunal Cualificador poderá solicitar ós interesados que completen ou aclaren a documentación xa presentada para xustifica-los méritos alegados no momento de presenta-la solicitude de admisión, pero non pedir nova documentación para que acrediten méritos que só foron alegados e non acreditados.

A valoración desta fase de concurso non suporá, con relación ás probas selectivas, máis dun 40% da puntuación máxima alcanzable na segunda fase (de oposición).

2) A segunda fase (OPOSICIÓN) constará dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio: De carácter obligatorio, consistente na realización dunha proba práctica por parte de cada un dos aspirantes, de xeito individual. Esta proba práctica consistirá nos seguintes tres apartados:

a) Impartir unha clase a un alumno sen coñecementos musicais, sobre un suposto elixido polo Tribunal Cualificador inmediatamente antes de iniciarse o exercicio. Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos, e ten como finalidade a valoración da aptitude pedagógica dos aspirantes.

b) Interpretación dunha obra ou fragmento de obra musical, que será determinada polo Tribunal Cualificador inmediatamente antes de iniciarse o exercicio (lectura a primeira vista). Esta proba terá unha duración máxima de 10 minutos, e ten como finalidade valora-la aptitude de interpretación dos aspirantes.

c) Interpretación dunha obra ou fragmento de obra musical, con ou sen acompañamento, que será de libre elección polos aspirantes (estes deberán indica-la obra de que se trate no momento de presenta-la súa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo). Esta proba terá unha duración máxima de 5 minutos, e ten como finalidade valora-la aptitude de interpretación dos aspirantes.

Este exercicio valorarase ata un total de 25 puntos (ata un máximo de 15 puntos pola proba do apartado "a", e ata un máximo de 5 puntos por cada unha das probas dos outros dous apartados), e serán excluídos os aspirantes que non acaden a puntuación mínima total de 15 puntos.

Segundo exercicio: De carácter obligatorio e eliminatorio, consistirá na tradución dun texto que propoñerá o tribunal, do castelán ao galego, sen axuda do dicionario, no tempo máximo de trinta minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

Os aspirantes serán convocados para cada ejercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada ejercicio provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Comezada a práctica dos exercicios, o tribunal poderá requirirles en calquera momento aos opositores que acrediten a súa identidade. Así mesmo, si tivera coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade convocante.

A publicación dos resultados obtidos en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando ós aspirantes para a celebración de cada ejercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.riveira.es).

8º.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios a relación dos aspirantes aprobados por orde de puntuación total final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso máis na fase de oposición), con especificación das mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor do aspirante que obtivera a puntuación máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas).

De se producir empate na puntuación final, computadas as dúas fases, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar, a puntuación total da segunda fase (oposición), e a continuación a da primeira (concurso); e de persisti-lo empate, as puntuacións obtidas en cada apartado e subapartado, pola orde en que se reflexa nas respectivas fases.

O Tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non acadasen praza por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formaliza-lo contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9º.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

No prazo de dez días naturais seguintes á data da publicación do resultado da selección, o aspirante seleccionado deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, presentando os documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme.
- b) Declaración xurada de non estar inciso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa legislación vixente.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que imposibilite o normal exercicio da función.
- d) Número de afiliación á seguridade social.

Se o aspirante proposto tivera a condición de funcionario público ou de traballador laboral fixo ó servicio de calquera das Administracións públicas, estará exento de xustificar documentalmente as condicións ou requisitos xa demostrados para obte-lo seu anterior nomeamento, debendo, neste caso, presentar certificado do Organismo do que dependa, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servicios.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditará reuní-los requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.